

ACTA NUMERO UN CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA SOCIEDADE MERCANTIL TURISMO DE PONTEVEDRA, SA, DE 13 DE XUÑO DE 2017.

Na sala de reunións do Concello de Pontevedra, sendo as 10,00 horas do martes, día 13 de xuño de 2017, reúnen-se, os membros do Consello de Administración designados pola Xunta Xeral da sociedade o 20.07.2015: **Don Miguel A. Fernández Lores, Dona Anabel Gulías Torreiro, D. Jacobo Moreira Ferro, Don Agustín Fernández González, Dona M^a del Carmen Moreira Martínez e Don Eduardo Barros Pereira**, quenes asisten persoalmente convocados para a súa constitución en Consello de Administración polo Presidente do Consello de Administración, sendo o texto íntegro da convocatoria o seguinte:

“CONVOCATORIA

De conformidade co disposto no artigo 15 dos Estatutos da sociedade mercantil TURISMO DE PONTEVEDRA, SA, a Xunta Xeral determinou o número e nomeou aos membros do consello de administración de TURISMO DE PONTEVEDRA, SA.

Por medio da presente convócaselle como membro do citado consello de administración para que concorra a sesión que terá lugar o **martes, día 13 de xuño, ás 10,00 horas**, cuxa orde do día estará integrada polos seguintes asuntos:

- 1.- *Conta Xeral de 2016, Informe de Xestión e aplicación do resultado.*
- 2.- *Rogos e preguntas.*

Pontevedra, 5 de xuño de 2017

O Presidente do Consello de Administración,
Miguel A. Fernández Lores”

Asiste o Secretario do Consello de Administración, José Luis Sarandeses Martínez . Non asisten D^a M^a José Rey Martínez e D^a Patricia Sierra Liñán.

ORDE DO DÍA

1.- CONTA XERAL DE 2016, INFORME DE XESTIÓN E APLICACION DO RESULTADO.

A Conselleira delegada informa das contas anuais do exercicio terminado a 31.12.2016, do informe de xestión e aplicación do resultado que conta co informe favorable dos auditores.

VOTACIÓN E ACORDO:

O Consello de Administración por unanimidade dos presentes, acorda formular á Xunta Xeral as contas anuais do exercicio terminado a 31 de decembro de 2016, xunto co informe de xestión e aplicación do resultado.

2.- ROGOS E PREGUNTAS

D^a. M.^a del Carmen Moreira solicita que conste en acta que o aquí aprobado e as contas asinadas correspóndense co informe de xestión a aplicación do resultado elaborado pola empresa auditora e que se adecua a normativa mercantil.

D. Jacobo Moreira pregunta acerca do estado de trámite da reclamación do ive formulado

pola empresa ante a AEAT, D^ª Anabel Gulias manifesta que a reclamación correspondente ao ano 2010 gañouse por un erro na aplicación dos prazos por parte da Axencia Tributaria, o seguinte ano aínda que foi presentada a correspondente reclamación foi desestimada dado que a AEAT corrixiu o erro formal, sendo avalado por sentenza xudicial. Igualmente D. Jacobo Moreira pregunta sobre a integración das oficinas de Turismo da Xunta de Galicia, Deputación e Concello no Palacete das Mendoza, sendo contestado pola Conselleira Delegada que dita integración e xa unha realidade no caso da Deputación e do Concello, dende a pasada Semana Santa, para o cal xa foron retiradas as casetas sitas na Praza de España e da estación do ferrocarril, e xa está instalada a sinalización correspondente. No caso, do acordo entre o Concello e a Deputación, o procedemento elixido foi a cesión de espazos mediante a sinatura dun Protocolo. No caso da Xunta de Galicia optou por un convenio pero é certo que existen aínda diferencias entre a Xunta e a Deputación. A Casa da Luz seguirá prestando o servizo de información municipal.

3.- APROBACIÓN DA ACTA

Polos asistentes procédese á lectura do borrador da acta da sesión, que é aprobado por unanimidade sen modificación algunha.

E non sendo outro o obxecto desta sesión, polo Sr. Presidente remátase a sesión ás dez horas e corenta minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.
O PRESIDENTE,

Miguel A. Fernández Lores



O SECRETARIO,

José Luis Sarandeses Martínez

